GUIA DIDÁCTICA.

1.OBXECTIVOS EDUCATIVOS:

-Introducir ós alumnos no uso das novas tecnoloxías con fins educativos.

-Afondar no coñecemento do medio que nos rodea a traverso dunha visión interdisciplinar conxunta dos temas de a vendimia e a matanza.

-Ampliar vocabulario e estructuras gramaticais en lingua inglesa

2.ASPECTOS CURRICULARES:

No meu proxecto partimos de dous temas moi presentes na cultura dos alumnos da zona como son a vendimia e a matanza para dende ahí desenrolar aspectos gramaticais e de vocabulario da lingua inglesa e ó mesmo tempo involucrar as materias de lingua galega, lingua castelá,plática,xeografía e historia e ciencias e por suposto iniciarse no manexo de novas tecnoloxías.

3.METODOLOXÍA:

O meu traballo consta de tres partes ben diferenciadas e con obxectivos distintos.

Fase 1:

Nesta fase farase uso dos Power Point que son dous por cada bloque temático. Os alumnos familiarizanse co vocabulario e expresións en inglés que manexarán logo na seguinte fase. O power point da matanza é bilingüe debido a maior complexidade léxica e gramatical.

Fase 2:

Especificamente na clase de Inglés os alumnos practican todo o exposto na fase 1, para elo farán uso dos paquetes de actividades creados con Ardora, son actividades interactivas nas que se abranquen as destrezas de ler, escribir e escoitar.

Fase 3:

Esta é una fase de producción e documentación por parte do alumno. A traverso das webquest diseñadas para estes dous bloques os alumnos afondan no coñecemento destes dous temas dun xeito totalmente interdisciplinar,esta fase estaría indicada para levar a cabo na materia de Proxecto Interdisciplinar de 1º da ESO.

3.1 ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS:

Bloque temático de "A matanza":

Ademais de presentar os power point de vocabulario e do tema os alumnos deberán facer actividades de escoitar e repetir a fin de familiarizarse cos sons e pronuncia.

No relativo á gramática o que se trata é o punto de Presente Continuo en inglés polo que sería moi convinte a práctica de preguntas como What are they doing? Are they grabbing the pig?.

Logo, no paquete de actividades Ardora practícase os aspectos gramaticais e de vocabulario, nas actividades hai un sistema de autocorrección na que se sinalan os erros polo que esto favorece o autoaprendizaxe do alumno ademais dun sistema de navegación entre as actividades una vez superadas con éxito.

Bloque temático da Vendimia:

No bloque temático da vendimia o aspecto gramatical tratado é o Presente Simple en inglés polo que sería convinte practicar preguntas do tipo Does he pick the grapes?, etc.

No paquete de actividades Ardora está recopilada toda a práctica dos contidos desenrolados, tanto de vocabulario como de gramática e os sistema de navegación e autocorrección facilita moito o autoaprendizaxe do alumno.

WEBQUEST:

Eiquí desenrolanse contidos interdisciplinares. Os criterios de avaliación están claramente expostos no final e o producto final pode ser un Power Point (hai xa un titorial na páxina), un traballo oral ou un traballo escrito, a criterio do profesor.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Para a fase 1, que é a presentación de gramática e estructuras con Power Point será o propio profesor quen decida se o alumno asimilou os contidos a base de actividades como escoitar e repetir,respostar a preguntas ou sinalar obxetos .

Para a fase 2 que son os paquetes de Actividades Ardora,as propias actividades amosan os erros e mesmo os acertos polo que o propio alumno pode considerar si asimilou ou non os contidos en base á superación das actividades.

Nas webquest ou fase 3 están claramente especificados os criterios de avaliación na páxina correspondente polo que queda a criterio do profesor engadir algún outro.

Ana Mª Quintela Gómez